

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*ANUNCIO do 18 de novembro de 2024, da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se somete ao trámite de información pública o documento denominado Anexo para información pública complementaria do eixe de mobilidade sostible en Santiago de Compostela, treito Milladoiro-Estación Intermodal, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, de clave AC/22/085.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.*

Antecedentes:

Mediante a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, do 7 de outubro de 2021, e a súa posterior modificación do 28 de outubro de 2022, encoméndaselle á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión técnica dos proxectos referidos a actuacións de fomento da mobilidade sostible en contornas urbanas e metropolitanas.

O 3 de xaneiro de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 2, o Anuncio do 21 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Mobilidade, polo que se someteu ao trámite de información pública o proxecto de trazado do eixe de mobilidade sostible en Santiago de Compostela, treito O Milladoiro-Estación Intermodal, de clave AC/22/085.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

O 31 de marzo de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 64 a Resolución do 24 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de marzo de 2023, polo que se aproba definitivamente o dito proxecto de trazado, coas seguintes modificacións respecto do sometido a información pública:

- Na contorna do lugar do Reiro reducirase a superficie que se deberá expropiar á metade, coa finalidade de minimizar as afeccións.
- Dado que non existe outro trazado viable que sexa funcional, manterase o paso pola contorna do río Sar e do recinto do atigo mosteiro de Conxo, pero reducirase ao máximo a



súa implantación e configuración, coas seguintes actuacións para minimizar a afección na contorna:

– Elimínanse as pasarelas sobre o río Sar, e empregaranse para o cruzamento as pontellas existentes. A continuidade na contorna da fonte da Virxe da Cuncha será mediante unha conexión exenta de movemento de terras, e regularizarase o terreo para a pavimentación, co fin de afastar o itinerario deste elemento.

– No contorno do antigo Mosteiro de Conxo utilizarase a plataforma do camiño existente, sen ampliar a explanación. O pavimento será o máis natural posible, sempre que se manteña a súa funcionalidade mediante as correspondentes tarefas de mantemento e limpeza que permitan a circulación de vehículos de mobilidade persoal (VMP).

– No paso por baixo da estrada de Deputación, darase continuidade ao itinerario, acondicionando e limpando o contorno coa finalidade de mellorar o degradado aspecto que presenta na actualidade.

– Elimínase a conexión co barrio de Conxo, que quedará pendente de desenvolvemento en consenso e coordinación co Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo, cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos de contorno, que actualmente se atopa en fase de tramitación ambiental.

Respecto desta nova información pública complementaria, e aínda que sobre o trazado emitira informe previamente a corporación municipal de Santiago de Compostela, a nova corporación transmitiu a preocupación pola oposición veciñal no paso próximo ao Banquete de Conxo, a pesar de que a parte limítrofe co predio do mosteiro discorre por unha pista executada hai pouco tempo polo concello, sen practicamente ningunha modificación con respecto á actual configuración.

Non obstante, a vontade desta actuación é a de acadar o máximo consenso, polo que se propón un novo trazado con características xeométricas menos favorables que o trazado inicial, e que precisa dunha reordenación do aparcadoiro do hospital de Conxo para non reducir o número de prazas, pero que permite afastarse da zona do Banquete de Conxo.

Así mesmo, modifícase o trazado na zona das hortas urbanas na contorna da Estación Intermodal, que atende unha petición municipal.



Mediante o Decreto 49/2024, do 22 de abril, que fixa a estrutura orgánica das conselleiras da Xunta de Galicia, a Dirección Xeral de Mobilidade pasa a depender da Consellería de Presidencia, Xusticia e Deportes, pero mantense a encomenda á Axencia Galega de Infraestruturas da xestión técnica das actuacións.

Polo exposto, mediante a Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 15 de novembro de 2024 realizouse a aprobación técnica previa do anexo de información pública do documento referido, que se tramitará segundo o disposto nos artigos 19 e seguintes da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

#### ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o documento denominado Anexo para información pública complementaria do eixe de mobilidade sostible en Santiago de Compostela, treito Milladoiro-Estación Intermodal, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, de clave AC/22/085.06, nos concellos de Ames e Santiago de Compostela (A Coruña), para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, mediante escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, de ser o caso, de acordo co disposto no artigo 21 da Lei 18/2021.

Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou oporse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos aos da relación para o fin que se persegue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto á información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.



Cuarto. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía nas sedes centrais da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia Galega de Infraestruturas, nas casas dos concellos de Ames e Santiago de Compostela e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Así mesmo, o documento publicarase na páxina web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/mobilidade>

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2024

Judit Fontela Baró  
Directora xeral de Mobilidade





ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**  
**Anexo para información pública complementaria do eixe de mobilidade sostible**  
**en Santiago de Compostela. Treito Milladoiro-Estación Intermodal**  
**Clave: AC/22/085.06**  
**Concello de Santiago de Compostela**

Nº	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Bens afectados		
								Cant.	Ud.	Descrición
INOR175	15079A18609002	186	9002	Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana	S2800569B	Rural	723,66			
INOR176	15079A18600320	186	320	En investigación	-	Rural	362,75	8	Ud.	Arboredo madeirable (eucaliptal)
INOR177	15079A18600191	186	191	Carmen Prieto Mareque	***9520**	Rural	303,07			
INOR180	15079A18600301	186	301	ADIF	Q2801660H	Rural	475,28			
INOR181	15079A18609001	186	9001	Desconto	-	Rural	153,67			
INOR182	15079A18600182	186	182	Rosalía Viña Guance	***4416**	Rural	144,95			
INOR209	15079A17909004	179	9004	Desconto	-	Rural	187,68			
INOR222	15079A17900060	179	60	Raquel Guldrís Rodríguez	***3108**	Rural	33,22			
INOR294	7465186NH3476E	74651	86	Concello de Santiago de Compostela	P1507900G	Rural	1.702,41			
COMP001	15079A17900059	179	59	María Guldrís Mosquera	***3884**	Rural	27,51			
COMP002	15079A17900381	179	381	Carmen Mosquera Iglesias	-	Rural	90,00	5	m³	Muro de pedra e terra
COMP003	15079A17900382	179	382	En investigación	-	Rural	36,00			
COMP004	15079A17900044	179	44	Victoria Monteagudo Baluja (hros.)	***7184**	Rural	102,00	2	Ud.	Arboredo madeirable
COMP005	15079A17900380	179	380	Rosario del Carmen Mayo Fernández	***8783**	Rural	70,00	2	Ud.	Arboredo madeirable
COMP006	15079A17900379	179	379	Rosario del Carmen Mayo Fernández	***8783**	Rural	54,00	5	Ud.	Arboredo madeirable
COMP007	15079A17900043	179	43	María Teresa Otero Guldrís	***0565**	Rural	126,43			
COMP008	15079A17900045	179	45	Antonio Sánchez Monteagudo	***2238**	Rural	138,00	8	Ud.	Arboredo madeirable
COMP009	001703800NH34F0001PZ			Xunta de Galicia	S1511001H	Urbanizado	5.064,42			

